



AO REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

ASUNTO: NOTIFICACIÓN DO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE MONTES PARA A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión celebrada en data 10/05/2007, acordou a clasificación como veciñal en man común dos montes denominados “ Monte da Barca” e “Monte das Viñas” a prol dos veciños da parroquia de San Salvador, do concello de Poio.

Contra a sinalada resolución formulase, en tempo e forma, recurso de reposición por Dña Carmen Esperón Sertal, D. José M^a Pernas Martínez, D. Gregorio Pérez Bravo e o Concello de Poio. En data do 27/02/2008 o Xurado de Montes acordou desestimar os recursos formulados por Dña Carmen Esperón Sertal, D. José M^a Pernas Martínez, D. Gregorio Pérez Bravo pola que non se clasificaban como veciñais en man común os montes denominados “Xunqueira do Bao”, “Monte do Mato” e “Monte Lourido” e estimar o recurso de reposición presentado polo concello de Poio, modificando a mesma no senso de non clasificar como vecinal en man común o monte denominado “Monte de Viñas”.

De conformidade co artigo 29 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, pola presente, **acordo a inscrición do monte “ Monte da Barca”, a favor da CMVMC de San Salvador, do concello de Poio na Sección do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común deste Departamento Territorial, coa cabida e lindes seguintes:**

NOME DO MONTE: “Monte da Barca”

Cabida: 0,54 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Ponte de A Barca

Sur: Autopista do Atlántico

Leste: Ponte de A Barca

Oeste: Ponte de A Barca e estrada

Pontevedra, 24 de maio de 2010

O Xefe Territorial
Presidente do Xurado



Gerardo Zugasti Enrique



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

Dna. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta, exercendo amáis as funcións de secretario)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo colexio da provincia)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinteseite de febreiro do dous mil oito, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, réunese na 4^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre os recursos de reposición interpostos por D. José M^a Pernas Martínez, Dna. Carmen Esperón Sertal, concello de Poio e D. Gregorio Pérez Bravo e outros contra Resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra en data 10/05/07

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 22/06/05 Dna. Carmen Esperón Sertal, na sua condición de presidenta da CMVMC de San Salvador, do concello de Poio, presenta perante o Xurado Provincial de Montes solicitude instando a clasificación de 5 parcelas de monte coma veciñais en man común a favor da devandita comunidade

SEGUNDO.- Na reunión celebrada polo Xurado en data 10/05/07 acordouse "*CLASIFICAR como veciñal en man común as parcelas denominadas "Monte da Barca" e "Monte de Viñas", a favor da CMVMC de San Salvador, do concello de Poio, de acordo coa descripción reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución*



NON CLASIFICAR as parcelas denominadas “Xunqueira do Bao”, “Monte do Mato” e “Monte de Lourido”, por atoparse ditas parcelas na súa totalidade en terreos de dominio público marítimo-terrestre”.

TERCEIRO.- Contra dita resolución o concello de Poio, José M^a Pernas Martínez, Gregorio Pérez Bravo e outros e Carmen Esperón Sertal, formulan recurso de reposición, que se dan por reproducidos e obrantes no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra das súas resolucións de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992.

Segundo.- Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da precitada Lei.

Terceiro.- As alegacións plantexadas por Dna. Carmen Esperón Sertal, teñen que ser rexeitadas xa que non aportan nada novo e que non fora tido en conta á hora de dictar a resolución agora recurrida.

As parcelas denominadas “Monte do Mato” e “Monte de Lourido”, atópanse totalmente dentro dos terreos de dominio marítimo-terrestre, segundo as alegacións do Ministerio de Medio Ambiente – Servicio Provincial de Costas (folio 115 do expediente), asimesmo e contrariamente ás alegacións da recurrente, tamen a parcela denominada “Xunqueira do Bao” atópase dentro do devandito terreo marítimo-terrestre (folio 154 do expediente) polo que calquer reclamación privada carece de todo valor obstativo fronte ó dominio público.

Cuarto.- O concello de Poio, basea o seu recurso no feito que dentro da parcela denominada “Monte de Viñas”, existe unha edificación que pertence dende tempo inmemorial ó concello de Poio e se utiliza como escola de nenos.

Os solicitantes non aportaron copia de documentos onde se podería constatar que en tempos mais ou menos antigos, o referido monte tivera un uso comunal, aínda que tales probas non se consideran suficientes tendo en conta a evolución lexislativa deste tipo de propiedade característica do dereito civil de Galicia, recoñecéndosele o carácter de “imprescriptibilidade” a partir da Compilación Foral de Galicia de 1963, sendo este dato fundamental na interpretación do artigo primeiro da Lei 13/1989 onde se definen os montes veciñais en man común, por dous elementos característicos que son a súa pertenza a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños.



Esta segunda característica dos montes veciñais, como xa ten dito o Tribunal Supremo na sentenza do 24/04/00 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constitúe unha clara referencia a un período temporal de presente e non dun pasado máis ou menos remoto.

No presente caso, e tendo en conta que no informe do Servizo de Montes de data 16/05/06, faise constar “...la zona este de la parcela se corresponde con el ensanche de la carretera ...” e tendo en conta o feito da existencia da escola de nenos, procede a estimación do recurso plantexado polo concello de Poio.

Quinto.- En canto as alegacións de D. Gregorio Pérez Bravo e outros tres veciños comuneiros da CMVMC de San Salvador, basean o seu recurso nos mesmos argumentos e coa mesma redacción que os plantexados por Dna. Carmen Esperón Sertal, polo que procede tamen o seu rexeitamento cos mesmos argumentos esgrimidos no fundamento de dereito terceiro

Sexto.- No referente ás alegacións de D. José M^a Pernas Martínez, tamen teñen que ser rexeitadas, por canto:

- O recurrente tivo tempo perante o trámite de audiencia de “.. *aducir durante este tempo o que se estime procedente en relación cos montes de referencia, así como achegar cantas alegacións, documentos ou informacións considere convenientes e, no seu caso, propoñer proba concretando os medios de que preetenda valerse ...*”, como así consta na Audiencia, publicada no DOG de data 14/08/06
- O Xurado de Montes, inicia un procedemento de clasificación, en base a unha delimitación concreta, con uns lindeiros e unha superficie determinada que aportan os solicitantes, o que non pode facer o Xurado é facer un estudo “preventivo” de tódolos montes ou parcelas ó redor da solicitado, xa que ó ser un procedemento a instancia de parte o Xurado, limítase a estudar e clasificar ou non a solicitude formulada. Será con posterioridade á clasificación cando por parte da Administración procederase á realización do correspondente deslinde que fixará de forma definitiva os lindeiros e cabida das parcelas de monte correspondentes
- No resto das alegacións expóñense cuestións relativas á propiedade. Cómpre lembrar que o acto de clasificación se cingue a declarar a constatación da existencia do aproveitamento consuetudinario do monte polo grupo social e a recoñecer a conseguinte titularidade dese aproveitamento a prol do grupo que o ven disfrutando, ben que ese recoñecemento de titularidade poderá ser revisado pola xurisdicción ordinaria no tocante a cuestións de dominio e demais dereitos reais sobre os montes, segundo resulta do artigo 13 da Lei 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común (así, entre outras, as SSTS de 12.07.99 e 24.04.2000). Daquela o tema debatido “*no debe remitirse a una confrontación de titulaciones y de inscripciones, sino al examen de los distintos elementos obrantes en el expediente para llegar a alcanzar una convicción en uno u otro sentido respecto a la realidad del aprovechamiento*” (STSX de Galicia, de 02.11.2000).



En consecuencia, vistos os preceptos legais citados e demais normativa de xeral e pertinente aplicación, o Xurado de Montes de Pontevedra, ACORDA:

Desestimar os recursos de reposición interpostos por Dna. Carmen Esperón Sertal, D. José M^a Pernas Martínez e D. Gregorio Pérez Bravo e outros, contra resolución do Xurado de data 10/05/07, pola que non se clasificaban como veciñais en man común os montes denominados “Xunqueira do Bao”, “Monte do Mato” e “Monte Lourido”

Estimar o recurso de reposición interposto polo concello de Poio, contra resolución do Xurado de data 10/05/07, e modificar a mesma no senso de non clasificar como veciñal en man común o monte denominado “Monte de Viñas”

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
Dna. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F.)

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SAN SALVADOR,
CONCELLO DE POIO**

Dna. Carmen Esperón Sertal
D. Manuel Gago Juárez

SECRETARIO

D. José M^a Muiños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dez de maio do 2007, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, réunese na 3^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación de 5 parcelas de monte, da parroquia de San Salvador, do concello de Poio.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 22/06/05, Dna. Carmen Esperón Sertal, na súa condición de presidenta da CMVMC de San Salvador, do concello de Poio, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación de 5 parcelas de monte como veciñais en man común para os veciños da CMVMC de San Salvador, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- Subsanadas determinadas eivas e fallas advertidas pola Administración, o Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 10/01/06, incoar o correspondente expediente de clasificación das 5 parcelas de monte a favor da CMVMC de San Salvador, do concello de Poio



TERCEIRO.- O rexistrador da propiedade Nº 1 de Pontevedra, certifica con data 07/06/06, que as parcelas de monte solicitadas non aparecen inscritas a nome de persoa algunha.

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. as parcelas de monte obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: POIO
PARROQUIA: SAN SALVADOR

NOME DO MONTE: "Monte do Mato" ✕
Cabida: 2,71 Has. (superficie alegada na solicitude)
Lindes:
Norte: Camiño ó barrio de Mato
Sur: Ría de Pontevedra
Leste: Camiño ó barrio de Mato
Oeste: Camiño ó barrio de Mato e estrada a Campelo

NOME DO MONTE: "Monte da Barca" ✓
Cabida: 0,54 Has. (superficie alegada na solicitude)
Lindes:
Norte: Ponte de A Barca
Sur: Autopista do Atlántico
Leste: Ponte de A Barca
Oeste: Ponte de A Barca e estrada

NOME DO MONTE: "Monte de Lourido" ✕
Cabida: 2,58 Has. (superficie alegada na solicitude)
Lindes:
Norte: Estrada a Campelo
Sur: Ría de Pontevedra
Leste: Ría de Pontevedra
Oeste: Ría de Pontevedra

NOME DO MONTE: "Monte de Viñas" ✓ *NON*
Cabida: 1596 M/2 (superficie alegada na solicitude)
Lindes:
Norte: Predios particulares de Mercedes López Viñas e camiño
Sur: Camiño
Leste: Predios particulares de Herdeiros de Argibay e Manuel Lores
Oeste: Predios particulares de Manuel Ferreira



CONCELLO: PONTEVEDRA

NOME DO MONTE: "Xunqueira do Bao" X

Cabida: 7,13 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada á Santiaña

Sur: Estrada da ponte de A Barca ó ponte de O Burgo

Leste: Río das Corrientes

Oeste: Autopista do Atlántico

QUINTO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, presentaron alegacións D. Eloy Torres Pérez, Ministerio de Medio Ambiente (Serv. Provincial de Costas) e o concello de Poio e que se dan por reproducidas e obrantes no expediente administrativo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O uso en man común das parcelas de monte denominadas "Monte da Barca" e "Monte de Viñas", tense suficientemente acreditado pola documentación aportada polo solicitante e polo informe do servizo de Montes e Industrias Forestais de data 20/04/06.



En canto as parcelas denominadas “Xunqueira do Bao”, “Monte do Mato” e “Monte de Lourido”, das alegacións feitas polo Ministerio de Medio Ambiente – Servicio provincial de Costas de Pontevedra e do informe do servizo de Montes e Industrias Forestais, acredítase que ditas parcelas atópanse na súa totalidade en terreos de dominio público marítimo-terrestre


En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común as parcelas denominadas “Monte da Barca” e “Monte de Viñas”, a favor da CMVMC de San Salvador, do concello de Poio, de acordo coa descripción reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución

NON CLASIFICAR as parcelas denominadas “Xunqueira do Bao”, “Monte do Mato” e “Monte de Lourido”, por atoparse ditas parcelas na súa totalidade en terreos de dominio público marítimo-terrestre

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





Nº DA FOLLA :
 185-35
 185-45



LIÑA LÍMITE DAS PARCELAS CLASIFICADAS A FAVOR DA C.M.V.M.C. DE SAN SALVADOR, OBTIDA DA PLANIMETRÍA ACHEGADA NA SOLITUDE DE CLASIFICACIÓN INSUFICIENTE PARA A CORRECTA IDENTIFICACIÓN DO TERREO, SEGUNDO CONSTA NO INFORME DESTA SECCIÓN DE DATA 16/12/2005.
 OBSERVACIÓN : A base cartográfica empregada está extraída da cartografía a escala 1/5.000 da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia. Proxección UTM, fuso 29, Datum ED50.

DATA : XULLO-2.007
 ESCALA : 1/5.000
 AUTOR : TOPOGRAFÍA

TRABALLO : CLASIFICACION DE M.V.M.C.
 CONCELLO : POIO PARROQUIA : S. SALVADOR
 COMUNIDADE : S. SALVADOR MONTE : A BARCA E VIÑAS

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 SERVIZO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA

DEPARTAMENTO DE CLASIFICACIÓN DE MONTES
PONTEVEDRA
 Consellería do Medio Rural

[Handwritten signature]